



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/16	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	27 de marzo de 2017
Duración	Desde as 19:05 ata as 19:40 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRÉS GARCÍA BASTÓN	SÍ
53171075C	EVA RODRÍGUEZ CALVAR	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 13 e 20 de marzo de 2017.

Expediente 1446/2017. Proposta informe policial (sinalización praza mobilidade reducida)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Nº REX.: 362/2017

ASUNTO: SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN PARA RESERVADO A PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA

Con relación ao escrito presentado por M.P.N., onde solicita sinalización para praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na Alameda de Aldán.

Por parte desta Policía non existe inconveniente en autorizar ao solicitado, sendo o lugar mais idóneo no primeiro aparcamento da entrada á esquerda.

Expediente 1050/2017. Licenza Urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1050/17.- A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Laxes-O Hío (NºSDG: 248316110091), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 18 metros de liñas eléctricas soterradas de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose empregar nas zonas destinadas a beirarrúas.



Debe computarse no aval global depositado o importe de dous mil catrocentos oito euros con sesenta e oito céntimos (2.408,68 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 824/2017. Licenza de primeira ocupación

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 824/17 LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR G.P.B.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 15 de marzo de 2017, acordou:

a) Outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a G.P.B., con enderezo en rúa Daniel Castelao, nº 61-baixo-Moaña, para vivenda sita en rúa Manuel Viveiro-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 24.441.

Expediente 389/2017. Licenza de obras

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 389/17.- A UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, con domicilio a efectos de notificacións en Travesía de Vigo, nº 204 PB, para en rúa Regueira- Souto-Darbo (Nº SDG: 248316090084), autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para executar unha canalización de 13 metros de liña eléctrica soterrada de baixa tensión, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de Nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.



Concello de Cangas

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00€) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de UNION FENOSA DISTRIBUCIÓN, SA, o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da gabia.

Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 990/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 990/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.G.M., con domicilio a efectos de notificacións en rúa O Casal, nº 28-B-Moaña, para a realización de obras consistentes en cambio de material de cubrición de vivenda unifamiliar sita no lugar de Retirosa, nº 7-Coiro- Cangas, de conformidade ca documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil cento setenta e nove euros con catorce céntimos (3.179,14 €).

Expediente 422/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 422/17 .- D'sse conta da comunicación previa de obras presentada por F.J.A.P. con enderezo na Donón, nº 42-O Hío, titular do CIF: 35.938.651R, para obras consistentes en chapeado de fachadas de vivenda unifamiliar sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ó expediente. O presuposto de execución das obras ascende a catro mil catrocentos trinta e cinco euros con cincuenta céntimos (4.435,50 €).

Expediente 744/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 744/17 .- Dase conta da comunicación previa presentada por A COUSIÑAS, SL, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Vilar Ponte, nº 19-

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Cambados, titular CIF B36459451, para a realización de obras consistentes en pintado e colocación de tarima flotante no local sito na Avda. de Ourense, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil cen euros (5.100,00 €).

Expediente 242/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 242/17 .- Dáse conta da comunicación previa de obras presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO SAIÑAS, con enderezo na Avda. Castroviejo, nº 1-Coiro, titular do CIF: H-94008836, para obras consistentes en pintado de escaleiras interiores en edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil catrocentos euros (3.400,00 €).

Expediente 162/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 162/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por E.C.V. con enderezo no lugar da Rosada, nº 59-Coiro, para obras consistentes en reforma de muro existente sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a setecentos cincuenta e seis euros (756,00 €).

Expediente 1360/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (1360/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por I.C.G., para obras de conservación e mantemento da edificación, sita en Camiño Vello- San Roque, nº 50-Darbo, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico F.L.M. de data marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos sesenta euros con sesenta céntimos (1.860,60 €).

Expediente 734/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº (574/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por A.R.G., para obras de conservación e mantemento da edificación, pintado de fachadas de edificación sita na Avda. Félix Ozámiz, nº 18-Cangas, de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto técnico A.C.F. de data febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras

Concello de Cangas



Concello de Cangas

ascende a novecentos cincuenta euros (950,00 €).

Expediente 350/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (350/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS AVENIDA 27, para executar unha arqueta de saneamento no soto, do edificio sito no referido lugar, de conformidade coa documentación presentada de data 7 de febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos oitenta e cinco euros con vinte e catro céntimos (985,24 €).

Expediente 458/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 458/17 .- Dáse conta da comunicación previa presentada por J.C.M. con enderezo en rúa Boticaria, n° 13-Cangas, titular do CIF n° 76.795.683V, para obras consistentes en construción de cerramento e soleira en vivenda sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seiscentos cincuenta e catro euros (654,00 €).

Expediente 574/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (574/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.B.S., para obras de conservación e mantemento da edificación, reformas interiores e reparación de cerramento, sita na Baixada á praia de Nerga, n° 87-O Hío, de conformidade coa documentación presentada de data 14 de febreiro de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil setecentos setenta e seis euros con dez céntimos (3.776,10 €).

Expediente 1230/2017. Comunicación previa de obra menor

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° (1230/17).- Dáse conta da comunicación previa presentada por M.F.M.B., para obras de saneamento en Donón, n° 35-O Hío, de conformidade coa documentación presentada de data 10 de marzo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil douscentos noventa e seis euros (2.296,00 €).

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 1509/2017. Infracción urbanística 28/2015. ABELARDO OTERO TOURON

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

De conformidade co artigo 84 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e visto o xustificante de pagamento de data 27 de febreiro do 2017, de A.O.T., en relación co expediente de sanción por infracción urbanística nº 28/2015-1509/2017 ao seu nome.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar terminado o procedemento de sanción incoado a A.O.T., por ter realizado no lugar de Arneles-O Hío, as obras de realizar un cerramento.

Expediente 1132/2017. Infracción urbanística 27/2015. J.P.M.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 19 de setembro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de J.P.M. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Vilariño-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar un soterramento con grandes movementos de terras no lugar de “Lagoa de Vilariño”, sendo a construción de carácter legalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 31 de agosto de 2016.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente de sanción para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 15 de novembro do 2016, rexistro nº 15496, presenta escrito de alegacións manifestando en síntese que:

-As obras de movementos de terras (non soterramento) se realizaron sen autorización previa, dentro da súa propiedade para mellorar as condicións hixiénico-sanitarias da súa vivenda (instalación dunha fosa séptica).

Que en todo momento se actuou de boa fe.

Estas alegacións foron obxecto de informe por parte do inspector municipal en data 22.11.2016 do teor literal seguinte:

“ Logo de contrastar a alegación con fotografías, etc., co existente agora no lugar, considero que non se realizou un aporte de novas terras, senón so un aplanamento das existentes, atopándose actualmente o terreo na condición anterior á infracción cometida.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como leve segundo o



determina o artigo 158.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que J.P.M., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficiente importante para graduar a sanción a imponer na súa contía 3000 euros. Indicar ao interesado que por repoñer o terreo ao estado antecedente ao inicio do expediente redúcese a contía da sanción nun 90%.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter de sanción, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

O órgano instructor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que puideran constituír infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constituían, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes de sanción en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar o escrito de alegacións presentado polo interesado o 15 de novembro do 2016, rexistro nº 15496, toda vez que este non desvirtúa os feitos probados, visto o informe do inspector de obras de data 22.11.2016.

SEGUNDO.- Imponer a J.P.M., na súa calidade de promotor, unha multa de sanción de 300 euros, por infracción ao ter cometido obras no lugar de Vilariño-O Hío, consistentes en realizar un soterramento con grandes movementos de terras no lugar de “Lagoa de Vilariño”, sendo a construción de carácter legalizable, segundo o informe do arquitecto municipal de data 31 de agosto de 2016.

Advírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016, reduciranse na súa contía nun 50 por cento, se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Expediente 1015/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval para licenza de obras

Desfavorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

Primeiro.- Non recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por E.N.F., por importe de douscentos dez euros (210,00 €), no expediente núm. 26.000, licenza de obras núm. 24.864, posto que aínda non ten concedida a licenza de primeira ocupación.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 1426/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución da garantía constituída por importe de mil setecentos setenta e dous euros con oitenta céntimos (1.772,80 €), depositada pola empresa "IMESAPI, SA", para a realización de subministración de material eléctrico para a iluminación da Avda. de Vigo.

Segundo.- Notificar este acordo á interesada.

Expediente 1592/2017. Prezo público programa "Enredos de verán"

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA PARA APROBACIÓN DO PREZO PUBLICO DO PROGRAMA ENREDOS DE VERÁN

Tomás Hermelo Álvarez, Concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade do Concello de Cangas,

Propón a Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte proposta:

Desde esta concellería, apóstase polos proxectos de ocio e tempo libre para nenos e nenas que ademais leven aparelado a conciliación da vida familiar e laboral, de aí a necesidade de por en marcha, un ano máis o proxecto "Enredos de verán" que programará actividades de ocio e tempo libre, xunto con comedor durante os meses de xuño, xullo e agosto. As actividades terán as seguintes características:

1.- As actividades desenvolveranse desde o 26 de xuño ao 25 de agosto do 2017.
Para a realización da actividade deberase contar cun mínimo de 50 persoas.

2.- As persoas interesadas e que cumpran cos requisitos, poderán inscribirse nas seguinte modalidades:

- * Por semana enteira.
- * Tres día a semana (luns, mércores e venres)
- * Dous días a semana (martes e xoves)
- * Campamento náutico: 1 quincena.
- * Comedor.

As condicións que teñen que cumprir as persoas que queiran inscribirse son:

* Estar empadroados/empadroadas en Cangas.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



3.- Con base ao acordo plenario do 23 de novembro de 2011, aprobouse a Ordenanza reguladora de prezo público por impartir cursos, ludotecas, viaxes e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo Concello e tendo en conta o seu artigo 4º punto 1, di que o establecemento da contía do prezo público será o que fixe en cada caso a Xunta de Goberno Local, e que así mesmo no seu punto 4, di que con motivo de fomentar a participación de determinados colectivos, a Xunta de Goberno Local, poderá establecer prezos por debaixo do custe do servizo.

Os prezos que se establecen son:

- * Por semana enteira: 25 €/semana.
- * Tres día á semana (luns, mércores e venres) 15 €/semana.
- * Dous días á semana (martes e xoves) 10 €/semana.
- * Campamento náutico (1 quincena) 45 €.
- * Comedor 4 €/día.

Cando o importe a aboar por unha familia supere os douscentos euros (200,00 €), poderá fraccionarse o pago, a pedimento do/da interesado/interesada realizándose do seguinte xeito: 1º pago: 50% no momento de realizar a inscrición; 2º pago: 50% na semana anterior ao inicio da actividade. Para solicitar o pago fraccionado deberá domiciliarse o 2º pago.

4.- As persoas solicitantes das actividades poderán optar a unha bonificación sobre a taxa establecida en base a cumprir unha serie de requisitos:

1º.- Desconto por varios irmáns: a inscrición dos irmáns terá unha bonificación do 50% cada un deles a partires do 2ª inscrición.

Esta bonificación soamente se aplicará sobre o prezo das actividades e non sobre o prezo do comedor.

2º.- Desconto tendo en conta a a situación económica do solicitante e o seu cónxuxe ou parella. Para ter dereito a esta bonificación as persoas interesadas deberán presentar a correspondente solicitude xunto coa documentación requirida e no prazo establecido que coincidirá co período de inscrición no programa "Enredos". Dita documentación servirá de base para realizar o cálculo dos ingresos mensuais tendo en conta todos os ingresos do solicitante e cónxuxe ou parella, que comprenderán pensións e prestacións de previsión social (calquera que sexa o seu réxime), rendementos do traballo, rendementos de capital mobiliario e inmobiliario, rendementos de actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais. As bonificacións serán as seguintes:

Bonificación do 100% do custe do servizo incluído o comedor para os/as usuarios/usuarias pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior a contía da RISGA [o 75% do IPREM (399,38 €); 14% do IPREM mensual adicional polo 2º membro (74,55 €); 12% adicional polo 3º (63,90 €); 10% adicional polo 4º e sucesivos (53,25 €).

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA

	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	5.687,16 €	473,93 €/mes
Familia de 3 membros	6.453,96 €	537,83 €/mes
Familia de 4 membros	7.092,96 €	591,08 €/mes



Concello de Cangas

Familia de 5 membros	7.731,96 €	644,33 €/mes
Familia de 6 membros	8.370,96 €	697,58 €/mes

Bonificación do 85% do custe do servizo incluído o comedor para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% da contía da RISGA.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	7.108,92 €	592,41 €/mes
Familia de 3 membros	8.067,48 €	672,29 €/mes
Familia de 4 membros	8.866,20 €	738,85 €/mes
Familia de 5 membros	9.664,92 €	805,41 €/mes
Familia de 6 membros	10.463,76 €	871,98 €/mes

Bonificación do 60% do custe do servizo incluído o comedor para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 125% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	7.987,68 €	665,64 €/mes
Familia de 3 membros	9.185,76€	765,48 €/mes
Familia de 4 membros	10.383,84 €	865,32 €/mes
Familia de 5 membros	11.581,92 €	965,16 €/mes
Familia de 6 membros	12.780,00 €	1.065,00 €/mes

Bonificación do 50% do custe do servizo de comedor escolar para os/as alumnos/alumnas pertencentes a unidades familiares cunha renda inferior ao 150% do IPREM + 15% adicional por cada membro da unidade familiar.

Nº DE MEMBROS DA FAMILIA	INGRESOS ANUAIS	INGRESOS MEDIOS
Familia de 2 membros	9.585,12 €	798,76 €/mes
Familia de 3 membros	11.022,84 €	918,57 €/mes
Familia de 4 membros	12.460,56 €	1.038,38 €/mes
Familia de 5 membros	13.898,28 €	1.158,19 €/mes

As bonificacións previstas neste artigo non son acumulables.

5.- Se, unha vez obtida a praza e aboado o prezo correspondente, a persoa interesada non puidera asistir á actividade, só terá dereito á devolución deste no caso de que comunique a renuncia á praza por escrito e solicite a devolución da cantidade aboada, polo menos vinte días naturais antes do inicio da actividade, ou cando por causas non imputables á persoa interesada non se preste o servizo ou a Administración anule a actividade.

Todas aquelas solicitudes de devolución de cota que non sexan presentadas, tal e como se reflicte no apartado anterior, serán denegadas independentemente da causa xustificativa que se alegue na respectiva solicitude.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

A solicitude poderá presentarse no rexistro xeral do Concello de Cangas, ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na lei. Deberá dirixirse ao alcalde/presidente.

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA COFINANCIAMENTO DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS POLAS CORPORACIÓNS LOCAIS PARA O EXERCICIO 2017

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

O Diario Oficial de Galicia nº 63 de data do 30 de marzo de 2012, publica o Decreto 99/2012, do 16 de marzo da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Solicitar a Consellería de Política Social, a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal correspondente ao ano 2015, regulada no Decreto 99/2012, de 16 de marzo, da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Que o importe total do financiamento solicitado é de setecentos un mil cincocentos corenta e seis euros con setenta e dous céntimos (701.546,72 €), co seguinte detalle:

- * Persoal: 159.533,00 €.
- * Mantemento: 600,00 €
- * Axuda no fogar: modalidade de prestación básica plan concertado: 13.500,00 €.
- * Axuda no fogar : modalidade persoas valoradas como dependentes: 386.913,60 €.
- * Xestión de Programas: 141.000,00 €.
- * Investimento: 0 €.

O aporte do Concello de Cangas será de catrocentos cincuenta e dous mil cincocentos cincuenta e sete euros con setenta e dous céntimos (452.557,72 €), o que supón unha porcentaxe do 39,21% sobre o orzamento total do proxecto.

Segundo.- Facer constar que o Concello de Cangas, para o exercicio 2017, ten consignada partida orzamentaria suficiente para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria.

Terceiro.- Declarar que para o mantemento e desenvolvemento dos servizos sociais de atención primaria, non recibe ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

Cuarto.- Declarar de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse nas mesmas condicións que no ano anterior.

Quinto.- Dar conta deste acordo no primeiro Pleno da Corporación Municipal que se realice.

Sexto.- Remitir o presente acordo á Consellería de Política Social, xunto coa documentación que menciona a orde de convocatoria.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Expediente 1605/2017. PROPOSTA DE SOLICITUDE DE AXUDA Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA CON CARGO Ó PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017. LIÑA 1 INVESTIMENTOS.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Publicadas no BOP nº 249 de data do 30.12.2016, pola Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación das bases reguladoras e convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2017.

Recibido escrito da Deputación Provincial de Pontevedra no que se fai constar que ao Concello de Cangas lle corresponde a cantidade de un millón oitenta e nove mil vinte e tres euros con vinte e oito céntimos (1.089.023,28 €) e a ter en conta as porcentaxes para a liña 1, un 62,50 mínimo, para a liña 2, un 15% máximo e para a liña 3, un 22,50% de máximo.

Visto que o Concello de Cangas xa formulou solicitude, para a liña 2, polo importe de cento sesenta e tres mil trescentos cincuenta e tres euros con corenta e nove céntimos (163.353,49 €) e para a liña 3, polo importe de cento noventa e seis mil trescentos sesenta e catro euros con sesenta e seis céntimos (196.364,66 €), elabórase polos servizos técnicos municipais diferentes proxectos que ascenden a un total de setecentos vinte e nove mil trescentos cinco euros con trece céntimos (729.305,13 €).

Polo que propoño á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Realizar os seguintes investimentos, dentro da LIÑA 1, que se relacionan, asumindo o compromiso de cumprir as condicións que se especifican nas bases reguladoras:

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído IVE
Documento técnico nova capa rodadura na rúa Reboredo	39.753,00
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Salgueira-Faroleira	40.312,24
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Novas-Parada	57.874,28
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Barreiras e Lagar	41.418,71
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Gruncheiras e Carballal	40.096,00
Memoria valorada adquisición de rozadora de brazo con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias	21.767,90
Adquisición de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns públicos	21.719,50
Rehabilitación da casa dos pobres, Darbo-Cangas	53.837,59
Proxecto de reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires	57.863,03
Proxecto de restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires	20.961,41
Urbanización rúa Rosalía de Castro	36.905,17
Adecuación á normativa nos parques infantís o Señal, Estación de Autobuses e Nazaret.	35.937,54
Adecuación á normativa nos parques infantís de Socotelo, Aldán, Vilariño e A Caína	45.868,86



Concello de Cangas

Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez	151.802,90
Memoria valorada arranxos cuberta Praza de Abastos	43.197,00
Cinco mini puntos limpos nas parroquias de Cangas	20.000,000

Segundo.- Aprobar os seguintes investimentos e solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra axuda para estes, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos-2017) polos importes que se indican:

Denominación do proxecto	Importe total euros, incluído IVE
Documento técnico nova capa rodadura na rúa Reboredo	39.753,00
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Salgueira-Faroleira	40.312,24
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Novas-Parada	57.874,28
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Barreiras e Lagar	41.418,71
Documento técnico nova capa rodadura nas rúas Gruncheiras e Carballal	40.096,00
Memoria valorada adquisición de rozadora de brazo con mando hidráulico e material de recambio para limpapraias	21.767,90
Adquisición de vehículo eléctrico para servizo de mantemento de parques e xardíns públicos	21.719,50
Rehabilitación da casa dos pobres, Darbo-Cangas	53.837,59
Proxecto de reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires	57.863,03
Proxecto de restitución de escaleiras na subida á rúa Buenos Aires	20.961,41
Urbanización rúa Rosalía de Castro	36.905,17
Adecuación á normativa nos parques infantís o Señal, Estación de Autobuses e Nazaret.	35.937,54
Adecuación á normativa nos parques infantís de Socotelo, Aldán, Vilariño e A Caína	45.868,86
Humanización rúas Baiona e Méndez Núñez	151.802,90
Memoria valorada arranxos cuberta Praza de Abastos	43.197,00
Cinco mini puntos limpios nas parroquias de Cangas	20.000,00

Terceiro.- Declarar que o Concello para os investimentos que se solicitan, non solicitou ningunha outra axuda ou subvención de entidade pública ou privada.

PROPOSTA DE SOLICITUDE DE AXUDA AO GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL (GDR 15): PONTEVEDRA-MORRAZO, AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER) DE 29 DE DECEMBRO DE 2016, PARA A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO CULTURAL E NATURAL DO CONTORNO DO MONTE DO FACHO

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Concello de Cangas



Expediente 254/2017. RENOVACIÓN LICENZAS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADIÑO MUNICIPAL-2017

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

PROPOSTA DE PRÓRROGA DAS LICENZAS MUNICIPAIS DE VENDA AMBULANTE PARA O ANO 2017

I.-O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP nº 67 de 8 de abril de 2013) no seu capítulo IV, prevé que as autorizacións se outorgan por períodos anuais, sendo obxecto de renovación previa solicitude do interesado por períodos sucesivos coincidentes co ano natural previa presentación da documentación orixinal esixida polo Concello.

Por tal motivo, rematado o período de autorización correspondente ao ano 2016, os titulares foron requiridos a fin de que solicitasen a preceptiva renovación para o ano 2017 no modelo formalizado proporcionado outorgando un período de tempo para tal efecto.

II.- O órgano competente para o outorgamento das licencias municipais é a Xunta de Goberno Municipal, segundo o artigo 18.2 do Regulamento que dispón que se concederán “*previa comprobación dos requisitos legalmente establecidos*”.

III.- Comprobada a documentación presentada polos interesados, dentro do prazo outorgado para a renovación de licencias, despois de subsanar as deficiencias observadas inicialmente por cumprir cos requisitos esixidos, procede adoptar o presente acordo polo que se outorga a renovación para o presente ano 2016 das licencias municipais de venda ambulante das que son titulares as persoas que a continuación se identifican.

IV.- Do mesmo xeito procede, tralo remate do proceso indicado, declarar revogadas as licencias de venda ambulante daqueles titulares que non presentaron a súa solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

Á vista do anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Primeiro.- Renovar as licencias municipais de venda ambulante para o ano natural 2017, ao abeiro do disposto no Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas (BOP 08/04/2013) a:

- Ref: 8. R.C.L.
- Ref: 9. R.P.P.
- Ref: 59. D.E.H.
- Ref: 77. I.N.M.
- Ref: 79. O.P.P.
- Ref: 81. A.F.D.
- Ref: 82. A.M.P.F.
- Ref: 111. J.M.M.Q.
- Ref: 116. R.T.F.
- Ref: 128. P.F.A.
- Ref: 136. E.L.B.
- Ref: 139. E.D.S.
- Ref: 155. J.M.C.N.



Concello de Cangas

-Ref: 161. F.C.G.

CAMBIOS TITULARIDADE

-Ref: 49. C.C.P. - Carcogal S.Coop. Galega

-Ref: 84. P.J.B. - L.N.G.L.

-Ref: 165. Agrocar S.C Redondela - Agrocar, Agrícola e Xardín S.L

CAMBIO TITULARIDADE PARCIAL

Cambio de titularidade soamente do posto dos martes:

-Ref: 33. A.P.A. - M.T.S.T.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos interesados xunto cos recursos procedentes, así como aos departamentos municipais de Tesourería, Estatística e Concellería de Emprego, industria, comercio, consumo e turismo.

Expediente 1693/2017. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (510 CASA DE OFICIOS)

Favorable Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ESPECIALIDADES (CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE)	CÓDIGO	Nº ALUMNOS/AS TRABALLADORES/ AS
--	--------	---------------------------------------

PROPUESTA

En virtude da Orde do 8 de febreiro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2017, considerando de especial importancia a existencia deste tipo de iniciativas de formación e emprego no municipio.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA VII”, de 9 meses de duración, con data máxima de inicio o 29 de setembro de 2017, coas características e especialidades formativas que a continuación se detallan, así como a achega por parte do Concello dun cofinanciamento destinado a sufragar parte dos materiais de obra e a prestación dos servizos (punto terceiro):

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

ATENCIÓN SOCIOSANITARIA A PERSOAS NO DOMICILIO	SSCS0108	10
INSTALACIÓN E MANTEMENTO DE XARDÍNS E ZONAS VERDES	AGAO0208	10
		TOTAL: 20

SEGUNDO.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia unha subvención para levar a cabo este proxecto do OBRADOIRO DE EMPREGO “GRANXA DA RÚA VII“, no que se impartirán as especialidades formativas antes citadas e nas que se desenvolverán as obras e servizos previstos na memoria formativa para un total de 20 alumnos/alumnas-traballadores/traballadoras (contrato para a formación e o aprendizaxe).

TERCEIRO.- Que unha vez que a Consellería de Economía, Emprego e Industria conceda a mencionada subvención, o Concello aporte, con cargo aos exercicios orzamentarios dos anos 2017 e 2018, os fondos necesarios para levar a cabo o mencionado proxecto e sufragar os custos non subvencionados, fundamentalmente os materiais necesarios para a execución das obras e a prestación dos servizos previstos, achegando un cofinanciamento municipal duns 30.000 € (trinta mil euros) que, de acordo coa dispoñibilidade orzamentaria, poida ser distribuída nos dous exercicios orzamentarios nos que se execute o proxecto (2017-2018).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 Pontevedra. Tfno. 986300050. Fax: 986304850